


Premio da modalidade científica do  
VII Concurso literario *Mazarelos* (2021)

Miguel Baena Laseca

Gustarálle-lo jazz ás moscas?





# Gustarálle-lo jazz ás moscas?

–Vamos Antía, levanta– dixo a súa nai como cada día ás oito da mañá. A pequena, algo preguiceira de natureza, respondeu si de xeito inconsciente para acto seguido volver durmir. De novo, como cada día ás oito e cinco da mañá, a súa nai dixo nun ton máis elevado –Antía díxenche que te levantes.– Agora, si que si, comezaba o día de Antía.

Tras pasa-las mans por uns ollos que parecían selados, e tras se incorporar dunha cama onde a gravidade parecía exercer unha forza máis potente, a nena dirixiuse a un baño no cal non se detivo máis tempo do necesario para elimina-los líquidos retidos durante a noite. Volveu ó cuarto e cambiou un pixama que levaba estampado un debuxo dunha serie de televisión por unha roupa que levaba o mesmo debuxo da mesma serie de televisión, pero en diferente postura. Isto levoulle a preguntar no interior da súa cabeza que sentido tiña que substituíse unhas pezas por outras, se ó tacto eran iguais e por fóra eran case iguais.

Aínda que tiña a intención de lle contar esta reflexión á súa nai para que lle dese unha resposta que lle convencesse, cando baixou as escaleiras e entrou na cociña para toma-lo almorzo que tiña preparado, os pensamentos de Antía esfumáronse cando o seu irmán, dous anos maior ca ela, lle dixo nun ton algo despectivo:

–Antía non es capaz de te ergueres un só día á primeira vez que te chama mamá ou que?–

–Se mamá me espertase uns minutos máis tarde levantaríame á primeira sempre– dixo a nena devolvendo a resposta co mesmo ton do seu irmán.

–Se te espertase uns minutos máis tarde volverías quedar durmida outros cinco minutos e acabarías baixando aínda máis tarde– respondeu a nai cun ton suave pero rotundo que deixou os nenos almorzando en silencio e Antía preguntando para si mesma se tería razón, aínda que, no fondo, sospeitaba que si que a tiña. Cando remataron de almorzar, lava-los dentes e colle-lo necesario para iren ó colexio, foron ó garaxe e montaron no coche, coa súa nai ó volante, para que os deixase no colexio antes de ir ela traballar á froitaría.

Tras un comezo de viaxe en total silencio, na cal Antía miraba pola xanela as mesmas rúas, edificios e tendas que vía sempre, un pensamento pasado que aínda non caera ó esquecemento rexurdiu do interior da súa cabeza e preguntou:

–Mamá, eu podería ir en pixama ó colexio?–

A súa nai, ó escoita-la palabra mamá, saíu do transe que lle producía o conducir en silencio polas mañás, aínda que non lle deu tempo a assimilar ben a pregunta, e non soubo responder máis ca

–Como?–

–A roupa que levo posta agora mesmo é igual có meu pixama, non podería ir ó colexio en pixama?–

Por segunda vez, a súa nai non soubo ben que responder. Agora si que escoitara ben a pregunta, pero quizais, como nunca lla formulara, non tiña unha resposta clara e tras un pequeno titubeo contestou

–Antía que cousas dis, o pixama é para durmir e a roupa para ir á rúa.–

O seu irmán, que estaba a mirar pola xanela tamén, non prestara moita atención á conversación, pero simplemente, por levarlle a contraria á súa irmá, rosmou:

–Pois claro, vaia preguntas fas.–

A nena non pareceu moi convencida coa resposta, pero como sabía que o colexio estaba xa moi preto e tampouco non lle causaba demasiado interese o tema decidiu seguir mirando pola xanela ata que, ó escaso minuto, baixaron do coche ela e o seu irmán e dirixíronse ó colexio. Mentres, a súa nai, que seguiu o seu camiño cara ó traballo, sorriu ó pensar “–que preguntas ten esta moza–” e lembrou aquela conversación surrealista que tiveran había unhas semanas, cando Antía lle preguntou:

–Mama, eu agora son a túa pequeniña non?– Que é como ás veces a chamaba cariñosamente.

–Pois claro Antía.– Respondeu docemente a súa nai.

–E cando eu teña trinta anos seguirei sendo a túa pequeniña?–

–Mmm, pois si, supoño.– Dixo a súa nai moito menos convencida esta vez.

–E cando morramos seguirei sendo a túa pequeniña?– volveu pregunta-la nena suavemente, con esa inocencia coa que falan ás veces as nenas e os nenos sobre a morte.

–Emmm, si Antía, ti vas ser sempre a miña pequeniña, pero non penses esas cousas tan feas.– Dixo a nai, esta vez atónita e finalizando a charla.

Despois, a súa nai comentaba estas conversacións con algún cliente co cal tivese confianza e rían coa orixinalidade da pequena.

Antía e o seu irmán Xoel separáronse ó pouco de entraren pola porta do colexio. Antía ía ó cuarto curso e o seu irmán ó sexto polo que as súas clases se atopaban en zonas diferentes. A nena subiu unhas escaleiras que conducían a un corredor no cal se atopou cunha amiga, e entraron á clase coa seguridade que

outorga a compañía. A Antía non lle gustaba moito entrar soa á clase; a pesar de que coñecese cada compañeiro e compañeira un por un, as súas miradas apuntando á vez cara a ela xerábanlle certa incomodidade.

As tres primeiras horas da clase foron pouco interesantes para a nena. A súa profesora deste ano era bastante maior e tiña un método de ensino máis tradicional. Abría o libro da materia que tocase, lía a parte do temario que tiña que dar cada día e non lles preguntaba demasiado ós alumnos e alumnas para ver se realmente o comprendían. Había bastantes veces nas cales a profesora chamaba a atención de Antía, pois a alumna adoitaba distraerse con facilidade debuxando, falando co compañeiro da beira ou mirando pola xanela coa mente noutro mundo. A nena non tiña problema para sacar boas notas, pero á súa profesora molestáballe que non atendese ó que lía ou explicaba ou que buscase maneiras distintas de explicalas cousas respecto ás definicións dos libros. Por iso non lle gustaba esta profesora, pero cando o comentaba cos seus amigos e amigas non lles desgustaba.

Tralas primeiras horas de docencia chegou, por fin, a hora do recreo. O patio do seu colexio era un campo de cemento, sen unha soa planta e rodeado duns enreixados vermellos, que, sen nenos dentro, ben se podería confundir cun patio dun cárcere de escasa seguridade. Pero ós nenos non parecía importarlles moito, como non tiñan moito tempo para poder desafogar das longas horas de estaren sentados nunha cadeira sen poder moverse, gozaban correndo e xogando a distintos deportes coma se fose o mesmo Edén. A Antía gustáballe xogar a todo. O que máis adoitaba facer era falar cun grupo de cinco ou seis amigas, aínda que unha cousa que lle gustaba moito era meterse a xogar ó fútbol, pero, como non había moita presenza feminina, os nenos sempre adoitaban dicir algún comentario que lle molestaba e acababa enfadada con eles, aínda que con quen realmente se enfadaba máis era cos profesores, que moitas veces non facían nada por evitaren esa situación. Este día, quedou falando coas súas amigas mentres comía un bocadillo que lle preparaba a súa nai. Cando soou o timbre do recreo, os nenos volveron á clase como volven moitos dos seus pais ó traballo despois dun descanso, sen moitas ganas, pero cun impulso interno que lles di que é obrigatorio ir.

Ó entraren á clase, a profesora estaba de pé no canto de sentada, e no canto de lles dicir ós alumnos que sentasen díxolles:

–Nenos, agora non imos ter clase, no seu lugar imos ir ó polideportivo porque nos vai dar unha charla unha científica da Universidade de Santiago de Compostela.–

Antía ó escoitar aquilo quedou algo sorprendida. Ela escoitara moitas veces a palabra ciencia, de feito, unha materia súa era Ciencias Naturais, pero nunca imaxinou coñecer un científico. Na súa cabeza, a palabra ciencia era un concepto abstracto que non tiña moito significado, e moito menos podía pensar que puidese haber unha persoa que se dedicase soamente á ciencia. Por iso, cando baixaron ó salón de actos, preguntoulle a unha amiga súa:

–Oe Ana, ti sabes que fai un científico?–

–Claro, son os que arranxan as antenas.– Dixo Ana con total seguridade a pesar de non saber moito máis ca Antía.

Antía asentiu a pesar de que non estaba moi convencida pola resposta da súa amiga. Por máis que pensase, nunca vira a palabra antena no libro de Ciencias Naturais.

O polideportivo normalmente servía de espazo para deportes, pero, en contadas ocasións, onde se necesitaba xuntar tódolos nenos do colexio, servía de salón de actos. Os diferentes cursos tiñan adxudicadas certas zonas do polideportivo, e a da clase de Antía atopábase máis ou menos pola metade da lonxitude do edificio. Os nenos sentaron no chan mirando un escenario improvisado que consistía nunha estrutura de madeira ó final do polideportivo en contacto cunha parede branca que servía para o proxector. Despois da ardua tarefa de colocar tódolos nenos e nenas nos seus sitios, unha muller que vestía unha bata branca e que estaba a falar con algúns profesores do colexio subiu ó escenario.

Cando a muller estaba a subir e preparando a presentación, Antía lembrou os últimos actos grandes que tivera no colexio. Varias veces viu teatros, uns máis entretidos ca outros. Outra en cambio déronlles unha charla uns deportistas da súa cidade que xogaban ó fútbol, baloncesto e balonmán para apoia-lo deporte. Ningún destes actos cativara moito a nena aínda que esta vez a curiosidade que lle xeraba a científica facíalle pensar que esta charla era algo distinta.

–Ola a todos e todas, o meu nome é Paz Outeiro Villamarín, son microbióloga e profesora da Universidade de Santiago de Compostela.– Comezou dicindo a muller cunha dozura que cativou totalmente a atención de Antía. –Supoño que moitos de vós non saberéde-lo que é un microbiólogo. O meu traballo consiste en investiga-lo case infinito mundo dos microorganismos, desde os virus ata as bacterias e os fungos microscópicos.– E sinalou na pantalla imaxes dos tres grupos.

Antía estaba atónita, escoitara o nome de bacterias, virus e fungos (aínda que non microscópicos), pero agora mesmo estaba a ver imaxes de verdade, duns seres que para ela eran pouco máis reais cós trasnos ou unicornios, pois só vira debuxos de ámbolos mundos.

–Hei de dicir que co que principalmente traballo son as bacterias.– proseguíu a científica. –Alguén sabería dicirme que é unha bacteria?– Preguntoulle á nova multitude.

Antía sabía que eran seres vivos algo diferentes ás plantas e ós animais, aínda que non ata que punto, pero a presión que xeraba a gran cantidade de nenos e nenas ó seu redor deixáronlle a boca selada. Desde algún lado, en cambio, saíron unhas tímidas voces que dixeron –Un animal–, ou –Un ser vivo pequeno–, o que lle deu pé á profesora de universidade a continuar.

–O do animal case. O dun ser vivo pequeno é unha resposta moi boa, mesmo mellor cá que me dan algúns alumnos meus con vinte anos.– Respondeu a muller

mentres ría un pouco para ela mesma. –Pero algúns vos estaredes preguntando como podo estudar un ser vivo tan pequeno que é imposible ver á primeira ollada, a resposta é cun microscopio, que é un aparello parecido a un telescopio pero que, no canto de servir para ver estrelas, serve para ver cousas moi moi pequenas, e de feito as fotos detrás están feitas grazas a estes aparellos. Aquí vos poño unha foto dun microscopio. Gustaríame traer algún para que o puidésedes ver en persoa, pero é un aparello moi caro e non me deixaron traelo a pesar da miña insistencia. Con todo, si puiden traervos outra cousa. Para estuda-las bacterias, primeiro temos que ter bacterias, e para telas primeiro temos que críalas.– E deixou unha pequena pausa.

“Un momento, críalas?” Pensou Antía para o seu interior. “Críalas como un hámster? Pero se nin sequera se poden ver cos ollos”.

–Agora seguro que hai alguén de vós que está a preguntar como se crían bacterias.– Respondeu a científica que parecía que lle lera o pensamento a Antía. --Pois a resposta é bastante sinxela, o primeiro que hai que facer é poñer unha bacteria, soa, nunha placa de Petri, que é un recipiente de plástico redondo coma este.– E sacou un da súa bata. –Pero para que a bacteria non morra hai que lle dar para comer, por iso se lle pon unha substancia xelatinosa que se chama ágar-ágar e algúns nutrientes dependendo da bacteria. E con iso as bacterias poden comer e dividirse, formando máis bacterias, e chegando a crear tantas bacterias fillas que se chegan a ver á primeira ollada así.– E ensinou unha imaxe na pantalla dun cultivo de bacterias, o que xerou unha cara de asombro colectiva no público. –E unhas cantas destas placas si que as puiden traer, aínda que sen bacterias, claro, porque poden ser moi perigosas. Deilles ós vossos profesores unhas cantas e agora repartírvolas.– E dito isto, os profesores foron cara ós alumnos, repartíndoas por distintas zonas e dicíndolles que as pasasen ata que todos as viron mentres ela continuaba coa charla. As placas crearon aínda máis cara de asombro nos nenos ó teren nas mans o sitio onde podían vivi-las bacterias.

A presentación continuou durante media hora na cal a muller non deixou de ensinar imaxes e vídeos sorprendentes, aparellos estraños pero incríbles, e explicacións sobre microbioloxía que deixaban os nenos e nenas coa boca aberta. Antía estaba eufórica. Non podía parar de admira-la persoa que estaba a falar. Non só por ese traballo que parecía tan diferente ós que coñecía, senón tamén por como explicaba, como facía que os nenos mantivesen a atención, como lles facía aprender dunha maneira tan amena e tan eficaz. Pero o que máis lle gustou foi o final, un final que lembraría por moitísimo tempo.

–Xa para ir terminando, despois de todo o que vos falei sobre o mundo dos seres vivos diminutos, que me apaixonan, falareivos dun concepto máis amplo, a ciencia. Todo o que eu sei, e toda a información que hai sobre as bacterias, podémola ter grazas á ciencia. A ciencia baséase en se atrever a experimentar en campos onde ninguén o facía antes e recolle-los datos da maneira máis obxectiva posible, e dicir, sen que a persoa que recolle os datos os modifique en absoluto, parézanlle bos ou malos. Tamén se basea en repeti-los experimentos doutros para ver se os resultados

son os mesmos e o experimento é correcto. E grazas á información que se obtén con estes experimentos, vós podedes ter libros de Ciencias Naturais ou os médicos saben cada vez máis como curar mellor os seus pacientes, ou os astrónomos coñecen cada vez mellor como é o universo, ou eu sei máis acerca das bacterias. A ciencia é como a locomotora dun tren que nos permite avanzar para ter máis coñecemento que nos leva a un sitio mellor. E claro, a ciencia non sería posible se non houbera científicos. E para falar de científicos vou usa-las mesmas palabras que dixo un deles, que me gustaron moito. Vós, os nenos, estades cheos de curiosidade, de bendita curiosidade. Sempre vos estades preguntando por que pasa isto ou por que pasa aquilo, sempre rebuldando e pensando cuestións estrañas. Pois ben, cando a xente se vai facendo maior, a maioría perde esa curiosidade que tiña de neno, e deixa de preguntar cousas. Viven a súa vida sen cuestionar nada. Con todo, os científicos somos esa pequena parte dos adultos que seguen tendo a mente e corazón dun neno, que, aínda que nos fixemos maiores, seguimos cuestionando todo, por moi raro que pareza. Así que, para acabar, só vos vou pedir unha cousa, nunca deixedes de cuestionar todo o que vos rodea, nunca perdades esa bendita curiosidade dun neno e nunca deixedes de preguntar por que. Moitas grazas a todos pola vosa atención.–

Un forte aplauso acompañou as últimas palabras da muller. Antía estaba conmovida coas últimas palabras, e estaba a maldicir que acabase tan pronto a charla. Como aínda quedaba unha hora da clase para os nenos e nenas, non deu tempo a facer preguntas, a pesar de que lle gustase á científica. Ós poucos os nenos foron levantando, e os profesores volveron leva-los seus nenos ás súas respectivas clases.

Na última hora da clase, Antía tiña a cabeza noutro mundo. Non prestou nin a máis mínima atención pois as palabras da científica asolagaban a súa pequena cabeza e enchíana de gozo. De feito, non se decatou de que a clase acabara ata que os nenos e as nenas que tiña ó seu redor empezaron a se levantar e se preparar para marcharen.

Cando Antía saíu da porta do colexio, foi andando dous minutos ó sitio onde a súa nai sempre a recollía a ela e o seu irmán. Montou no coche e xa estaba o seu irmán dentro. A súa nai, ó ver que a nena traía unha cara de felicidade, preguntoulle:

–Polo que vexo foi ben o día non?–

–Mama, tivemos unha charla alucinante dunha científica. Foi chulísima.–  
Respondeu a nena cun sorriso de orella a orella.

–Ah si?, dunha científica? Que chulo, ti tamén fuches Xoel?–

–Si, fomos todo o colexio, estivo chula, aínda que a min me gustou máis cando viñeron os xogadores de fútbol e os de baloncesto.– Contestou Xoel.

–Imposible, esta foi a mellor de todas sen dúbida.– Dixo Antía, e antes de que respondese o seu irmán a súa nai preguntoulle:



–Si que che gustou Antía. Veña cóntame que vos dixo para que che gustase tanto.–

Con esa inocente pregunta, a nai de Antía non esperaba que lle dixese practicamente palabra por palabra toda a charla. Dixo mesmo máis palabras cá científica, debido a que explicou cada imaxe para que a súa nai as visualizase na súa cabeza. Mentres Antía recalca a presentación, deu tempo a que chegasen á casa co coche, que deixasen as cousas do colexio, que a mesa estivese preparada para comer, e os dez minutos que adoitaban esperar ata que viñese o pai dos nenos e comesen todos xuntos. De feito, cando o seu pai entrou na casa, Antía apenas o saudou porque seguía sumida no seu monólogo, e cando o seu pai lle preguntou que lle estaba contando á súa nai, a muller, medorenta de que volvесе empezar desde o principio, adiantouse e dixo:

–Estame a conta-la visita que tiveron hoxe no colexio dunha científica, pero que cha conte logo que agora temos que comer.–

Na comida Antía non falou moito. Despois da intensa mañá e o monólogo á súa nai a nena estaba famenta. O que máis se escoitou nesa mesa foron as noticias e a conversa entre pai e nai contándose os sucesos da mañá. Cando os nenos acabaron, bastante antes cós seus pais, foron ó salón para ver debuxos pola televisión. Os pequenos estiveron absortos mirando a pantalla ata que os seus pais terminaron de recolle-la cociña e foron ó salón para lles diciren que fosen ós seus cuartos para faceren os deberes. Con bastante desánimo, os nenos fixéronlles caso ós seus proxenitores, apagaron a tele e subiron ós seus cuartos.

Os deberes adoitaban ser un momento de bastante aburrimiento para Antía, e este día non ía ser distinto. Abriu un libro dos cales tiña tarefa para a casa, e ó termina-lo primeiro exercicio dos tres que lle mandaban púxose a mirar pola xanela durante máis tempo do que lle levou o primeiro exercicio. Fixo o mesmo cos dous seguintes, e antes de pasar á seguinte materia decidiu que ía tomar un descanso por tanto traballo. Normalmente estes descansos enchíao con algún libro de aventuras que lle gustaba, pero hoxe tampouco lle apetecía iso, hoxe quería facer algo distinto. Tras un momento de concentración pensando que podería facer, veulle á cabeza unha idea que nin ela mesma sabía que lle ía gustar tanto, dixo para si mesma

–Claro, un experimento! Pero con que experimento eu agora e no meu cuarto?–

Nese preciso momento unha mosca púxose a voar detrás dela e o ruído produciulle unha sensación de rexeitamento, aínda que ó mesmo instante volveu xurdir unha idea da súa cabeza. Nunca pensara nunha mosca máis ca coma un bicho molesto, pero agora tiña detrás a súa primeira voluntaria para un experimento.

–Xa o teño, vou experimentar contigo, mosca.–

Agora que xa tiña a súa primeira voluntaria tiña que pensar sobre que ía experimentar. Estivo a mira-la mosca fixamente para ver se lle ocorría algo e, despois de non moito tempo, uns movementos en círculo que fixo aquel pequeno díptero

lembroulle un baile e Antía matinou se as moscas sabían, e se lles gustaba bailar. Pero tras darlle unhas voltas non soubo como facer un experimento sobre o baile das moscas e entón dixo en voz alta

–A música! Iso é! Podo ver que música lles gusta máis ás moscas e con cales bailan máis ou menos.–

Baixou coma un lostrégo polas escaleiras ata chegar á súa nai e preguntoulle:

–Mamá, poderíasme deixa-lo móbil para unha cousa dos deberes de hoxe? Só tardarei uns minutos.–

–Claro, toma.– Dixo a súa nai docemente, pois como se ía negar se era para os deberes.

Volveu subi-las escaleiras coma un raio, entrou no seu cuarto e viu que a mosca estaba no mesmo sitio. Sacou unha folla e escribiu unha listaxe coas seguintes palabras: Rock, clásica, pop, salsa, *heavy metal* e jazz. A nena non puido lembrar máis xéneros musicais, e non eran poucos se temos en conta as insípidas leccións de música que tiña no colexio. O seguinte que fixo foi esperar a que a mosca estivese quieta, cando o estivo, puxo no móbil da súa nai o primeiro xénero que tocaba, que era rock, e a mosca seguiu quieta, polo que escribiu á beira da palabra Rock na lista: non lle gusta. Seguiu coa clásica e tampouco non se moveu, e o mesmo ocorreu coa música pop. Con todo, cando chegou á salsa, a mosca comezou a voar por todo o cuarto e a nena dixo en voz alta:

–Ás moscas gústalle-la salsa!– E apuntouno na súa folla.

Tras esperar a que a mosca parase, a nena puxo *heavy metal* e outra vez a mosca comezou a voar por casualidade, pero para a nena era unha evidencia clara.

–E tamén o *heavy metal*!– E tamén o apuntou na folla.

Os pais de Antía estaban no salón, no piso de abaixo, e estiveran escoitando o leve son que lles chegaba dos distintos xéneros. Pensaban que a nena estaría a face-los deberes de Música, pero cando escoitaron o son das guitarras eléctricas, que chegaba con máis forza ata a súa posición, a súa nai decidiu subir. Antía estaba a esperar a que a mosca volvесе dete-lo voo para ver se lle gustaría tamén o jazz pero, antes de que a mosca se detivese, escoitouse o son da porta ó abrirse, e rapidamente Antía gardou a folla do experimento debaixo do seu libro de lingua. Cando a súa nai lle preguntou que estaba a facer, non quedaban probas do experimento, e Antía respondeulle:

–Os deberes mamá.–

–Son os deberes de Música?– Preguntou un pouco confusa a súa nai.

–Emm si, a profesora mandounos escoitar distintos xéneros musicais para que lle dixésemos que nos parecían.–

–Am, vale vale. Pois dáme o móbil e vaite preparando que en dez minutos tes inglés.–

Con todo o do experimento a Antía pasáraselle por completo a súa clase de Inglés. En canto a súa nai saíu do dormitorio, fixo os exercicios que lle faltaban cunha rapidez coas que poucas veces a vira facelos. Despois colleu os libros de Inglés e todo o que necesitaba e baixou ó salón onde a esperaba a súa nai. Como a academia a que ía Antía estaba nunha rúa a escasos cen metros da súa casa, nai e filla foron andando apenas dous minutos ata que a pequena entrou na academia xunto a outros compañeiros. Para que a súa nai non sospeitase que non estivera facendo os deberes, Antía decidiu ocultar temporalmente os resultados do seu experimento.

A clase de Inglés durou unha hora e media, cun breve descanso á metade. A Antía non lle gustaba o inglés, parecíalle unha obrigaón innecesaria, pois na súa curta vida nunca o necesitaba no seu día a día. Tan só o usaba nas pesadas clases do colexio ou da academia, e non entendía por que se molestaban tanto en tentar que o aprendese se logo non o utilizaba. Cando Antía saíu da academia, a súa nai estaba a esperala, e como a nena traía este pensamento dando voltas na súa cabeza, preguntoulle á súa nai con algo de enfado mentres marchaban de volta á casa:

–Mamá, eu por que teño que aprender inglés se non serve para nada?–

–Non digas iso Antía, claro que serve. Igual agora mesmo non che serve moito porque es pequena, pero cando medres daraste de conta que en todo o mundo se fala inglés, e que é moi importante sabelo.– Respondeu a súa nai docemente tranquilizando a nena.

–E quen elixiu que se fale inglés en todo o mundo?– Volveu preguntar Antía, aínda que agora con máis curiosidade ca enfado.

–Ui, iso é moi difícil de explicar. Supoño que se fala inglés porque os países que foron máis importantes na historia falaban inglés.– Dixo a súa nai.

–Pero non se podería cambiar? E se tentamos que se fale galego en todo o mundo no canto do inglés?– Respondeu Antía con seriedade.

A nai de Antía soltou unha gran gargallada que a nena non entendeu nun primeiro momento, pois ela dicíao en serio, pero pareceu comprender polo que ría a súa nai despois de que lle dixese:

–Xa é difícil que se fale galego en toda a Galiza, non che digo no mundo.–

Cando entraron na casa, a nai de Antía preparoulle unha pequena merenda porque xa estaba avanzada a tarde e, se non, logo non tería moita fame para cear. Como a clase de inglés resultara esgotadora para a nena, decidiu que vería debuxos na televisión un bo intre mentres merendaba. Alí estivo absorta cuns debuxos que lle encantaban durante polo menos unha hora, ata que o seu pai entrou no salón e dixo con ton suave e coñecedor da resposta

–Pequeniña, empeza agora o fútbol, déixasme a tele un intre?–

–Vale.– Respondeu Antía, que xa estaba un pouco cansa de ver só debuxos.

O seu irmán Xoel, a quen lle gustaba moito o fútbol, apareceu tamén no salón e sentou no sofá xunto ó seu pai e Antía. A Antía non lle apaixonaba ve-lo fútbol, pero gustáballe a sensación de seguridade e a tenra calor que lle producía estar apoiada no seu pai medio deitada no sofá, polo que decidiu quedar. Os tres estaban sentados en silencio, se exceptuamos comentarios puntuais que facían o seu pai e o seu irmán sobre xogadores, árbitros, situacións do partido e o mundo do fútbol en xeral. Antía prestaba atención ó partido de maneira intermitente, un intre vía, pero ó pouco abstraíase ó mundo dos pensamentos onde se sentía cómoda. Nun destes momentos onde a pequena estaba ensimesmada conectou ámbolos mundos, o dos pensamentos e o da realidade sensorial e preguntoulle ó seu pai

–Papá, ti algunha vez viches unha bacteria?–

O seu pai sorriu sen deixar de mira-lo televisor e respondeulle

–Como vou ver unha bacteria? Son demasiado pequenas.–

–Eu hoxe vin unha bacteria.– Dixo a nena orgullosa.

–Ah si? E como a viches?– Respondeu o seu pai algo sorprendido, pero sen deixar de mira-la pantalla da televisión.

–Cun microscopio. En realidade eu vin a imaxe que sacou unha científica.–

–Eu tamén.– Dixo Xoel sumándose orgullosamente.

–Anda que chulo.– Respondéulle-lo pai a ambos sen deixar de mira-la pantalla de novo.

Trala breve conversación, creouse un novo silencio. Antía non viu un ambiente propicio para monologar sobre a charla que tivo, e como estaba cómoda sumida nos seus pensamentos e coa calor do seu pai, estivo en silencio ata que a súa nai chamou os tres para cear. Durante o principio da cea seguía estando o partido e non se falou demasiado, só no descanso que se facía á metade do xogo houbo algo máis de conversación, aínda que tampouco non demasiada, por expectación á segunda parte. Cando acabaron de cear, o pai e o irmán de Antía foron ó salón. Esta vez, a nena quedou na cociña coa súa nai. Axudoulle a recolle-la mesa, xesto que agradeceu a súa nai, e faláron un pouco sobre o que tiña mañá no colexio Antía. Ó acabar foron ó salón para ve-lo que quedaba de partido, e, cando este finalizou, todos viron un programa da televisión que lles gustaba ós catro e comentárono entre risas.

Pasadas as once da noite, a nai de Antía mirou os nenos e díxolles cariñosamente:

–Veña mozos, vamos durmir.–

–Só un pouco máis porfa.– Responderon ambos case á vez.

–Non, agora, que se non mañá teredes moito sono.– Dixo a súa nai sen opción ó debate.

A nena e o neno subiron as escaleiras, puxeron o pixama e lavaron os dentes. A súa nai acompañou á cama primeiro a Antía. Cando a estaba arroupando para darlle as boas noites e apaga-la luz, a pequena dixo excitada:

–Mamá!, esqueceume dicirche unha cousa moi importante, ti sabías que ás moscas lles gusta o *heavy metal* e a salsa?–

–Non me digas?– Dixo a súa nai sorrindo.

–Si si, dígo en serio, comprobeino.–

–Créote, créote, pero agora descansa que mañá vai ser un día intenso. Boas noites Antía, ata mañá.– Respondeu a súa nai mentres se ía e apagaba a luz.

–Boas noites mamá.–

E a nena quedou sen moito sono ás escuras e mirando o teito. Estivo a lembra-lo que fixera durante este día tan longo e deuse conta de que había algo que cambiara. Non soubo recoñecer que era, non era algo concreto, era máis a atmosfera que a rodeaba. Lembrou a charla, lembrou a científica perfectamente, os seus xestos, as súas palabras, a súa presentación e preguntou para si mesma “Como é posible que non coñeza máis científicos? Hoxe é o primeiro que vin e sen dúbida foi a persoa que mellor fala que coñezo. Por que non saen nas noticias, ou nos programas da tele ou nos meus libros? Os meus pais non parecían saber moito do que ela dixerá, nin tampouco pareceu gustarlles demasiado o que lles contaba, co interesante que era. Non sei se os demais pais serán así. Quizais sexan deses adultos que cando medran perden a súa curiosidade como dixo Paz. Si, creo que os pais que coñezo dos meus amigos son tamén así. E eu? Cando medre serei así? Cando medre perderei a miña curiosidade? Perderei as miñas ganas de aprender cousas interesantes? Non, non podo deixar que iso pase, nin que lles pase ós demais. Xa sei o que vou facer de maior, vou facer que os demais non perdan as ganas de aprender cousas interesantes. Vou facer que a xente nunca deixe de pensar. Vou ser científica”.